

“PROGRAMA DE ACOLLIDA CURSO 2020/2021”

Colexio SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS (RIBADEO)

Revisado 3/9/2020

O Equipo Docente do colexio Sagrado Corazón de Jesús de Ribadeo elaborou este Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas.



1. Datos do centro

| Código | Denominación |
|----------|--|
| 27010911 | Colexio Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús |

| Enderezo | | C.P. |
|------------------------|---|-----------|
| Carlos III nº4 | | 27700 |
| Localidade | Concello | Provincia |
| Ribadeo | Ribadeo | Lugo |
| Teléfono | Correo electrónico | |
| 982128415 | cpr.sagrado.corazon.ribadeo@edu.xunta.gal | |
| Páxina web | | |
| www.csagradocorazon.es | | |

Índice

| | |
|---|----|
| Xustificación..... | 3 |
| Adaptación das normas de organización e funcionamento do centro..... | 4 |
| Actuacións de prevención, hixiene e protección..... | 16 |
| Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial..... | 19 |
| Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión..... | 21 |



Id. Xustificación

Co fin de favorecer a volta e/ou entrada á escola dos nenos e nenas nesta nova situación que estamos vivindo, levaremos a cabo una serie de actividades que faciliten a súa adaptación de maneira positiva.

A base do plan de acollida radica na importancia de asentarmos un bo clima de convivencia que facilite o establecemento, dende o primeiro día de clase, de relacións interpersoais positivas que incidan no grupo, desenvolvendo a autoconfianza, autoestima e empatía, o control das emocións, a conciencia dos sentimentos propios e alleos ..., implicando a toda a comunidade educativa: profesores, PAS, familia e alumnado. Potenciando a participación, confianza, respecto, as relacións fluídas ... proceso que ha de manterse ao longo de todo o curso escolar e que debe estar aberto a novas expectativas e cambios do alumnado.

Nas diferentes etapas (infantil, primaria e secundaria) durante as primeiras sesións do curso se realizará unha explicación completa de todo o relacionado coas medidas de hixiene e protección debido a situación xerada pola pandemia da COVID-19, é dicir, tratarase sobre todo de concienciar, desde a tranquilidade e seguridade, da realización das diferentes rutinas que, neste momento, serán vitais. Traballarase tamén os aspectos emocionais destacando o valor da responsabilidade para o coidado dun mesmo, dos demais e da “casa común”. No ámbito da dixitalización tentarase que o alumnado dispoña das competencias que precisaría se pasáramos a unha ensinanza non presencial ou semipresencial.

Durante os catro primeiros días levaranse a cabo diferentes actividades co titor/a. Posteriormente, incorporaranse pouco a pouco os diferentes profesores que impartiran docencia en cada curso e levaranse a cabo as diferentes propostas de forma transversal. Non se pode falar dun momento de finalización xa que estes tres eixes: hixiene, emocións e dixitalización teñen que estar presentes todo o curso.

Id.

Adaptación das normas de organización e funcionamento docente

Apartados das NOFC que sofren algunha variación por mor da COVID-19

3.- HORARIOS DO CENTRO. ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS.

3.1.- HORARIO DAS ENSINANZAS

O alumnado incorporarase en setembro ao centro da seguinte maneira (as franxas horarias son para que non se produzan tumultos, xa que o alumnado accede ao centro segundo chega á porta, sen ter que esperar):

| | Día | Horario | Porta |
|--------------|------------|--|--------------------------|
| 4º EI | 10 | Entrada: 11:30-11:45 Saída: 12:45 | Portería |
| 5º EI | 10 | Entrada: 11:00-11:10 Saída: 13:00 | Portería |
| 6º EI | 11 | Entrada: 10:30-10:45 Saída: 13:10 | Portería |
| 1º EP | 10 | Entrada: 10:00-10:15 Saída: 13:20 | Patio Portería |
| 2º EP | 10 | Entrada: 10:15-10:30 Saída: 13:30 | Portería |
| 3º EP | 10 | Entrada: 10:15 – 10:30 Saída: 13:00 | Patio Porta Principal |
| 4º EP | 11 | Entrada: 10:00-10:15 Saída: 13:10 | Porta Principal |
| 5º EP | 11 | Entrada: 10:00-10:15 Saída: 13:20 | Patio Porta Principal |
| 6º EP | 11 | Entrada: 10:00-10:15 Saída: 13:30 | Porta Principal |



| | | | |
|---------------|----|--------------------------------------|--------------------------|
| 1º ESO | 16 | Entrada: 10:30-10:45 Saída: 13:20 | Patio Porta Principal |
| 2º ESO | 16 | Entrada: 10:30-10:45 Saída: 13:30 | Porta Principal |
| 3º ESO | 17 | Entrada: 10:30-10:45 Saída: 13:30 | Patio Portería |
| 4º ESO | 18 | Entrada: 10:30-10:45 Saída: 13:30 | Portería |

O período de adaptación (para EI e excepcionalmente para 1º e 2º EP) será o seguinte:

| | Día | Horario | Porta |
|--------------|---------------------------|--------------------------------------|--------------|
| 4º EI | 11 | Entrada: 11:00-11:15 Saída: 13:00 | Portería |
| 5º EI | 11 | Entrada: 10:45-11:00 Saída: 13:10 | Portería |
| 1º EP | 11 | Entrada: 10:00-10:15 Saída: 13:30 | Portería |
| 2º EP | 11 | Entrada: 9:45-9:55 Saída: 13:40 | Portería |
| 4º EI | Do 14 ao 18 (opcional) | Entrada: 10:15-10:25 Saída: 13:00 | Portería |
| 5º EI | Do 14 ao 18 (opcional) | Entrada: 10:00-10:10 Saída: 13:10 | Portería |
| 6º EI | Do 14 ao 18 (opcional) | Entrada: 9:45-10:00 Saída: 13:20 | Portería |

Durante o mes de setembro (posterior ao período de adaptación para EI e 1º e 2º de EP) e xuño teremos o seguinte horario de entradas e saídas con franxas horarias para evitar os amoreamentos de alumnado e familias:

| | | Mañá | | |
|----------------|---|--|--|------------|
| | | EI | EP | ESO |
| Entrada | 9:15-9:25 Portería | 9:00-9:10 1º e 2º Portería 9:00-9:10 3º e 4º Porta Principal 9:10-9:20 5º e 6º Porta principal | 8:20-8:30 1º e 2º Porta Principal 8:20-8:30 3º e 4º Portería | |
| Saída | 13:30 4º Portería 13:35 5º Portería 13:40 6º Portería | 13:45 1º Portería 13:50 2º Portería 13:40 3º Porta Principal 13:45 4º Porta Principal 13:50 5º Porta Principal 13:55 6º Porta Principal | 14:00 3º Portería 14:05 4º Portería 14:00 1º Porta Principal 14:05 2º Porta Principal | |
| | | Tarde | | |
| Entrada | ----- | ----- | 15:20-15:30 3º e 4º Portería 15:20-15:30 1º e 2º Porta Principal | |
| Saída | ----- | ----- | 17:05 1º Porta Principal 17:10 2º Porta Principal 17:05 3º Portería 17:05 4º Portería | |

De outubro a maio o horario será o seguinte, tamén con franxas horarias nas entradas:

| | | Mañá | | |
|----------------|--------------------|---|---|------------|
| | | EI | EP | ESO |
| Entrada | 9:35-9:45 Portería | 9:25-9:35 1º e 2º Portería 9:30-9:40 3º e 4º Porta Principal 9:20-9:30 5º e 6º Porta principal | 8:20-8:30 1º e 2º Porta Principal 8:20-8:30 3º e 4º Portería | |
| Saída | 12:45 Portería | 12:55 1º Portería 13:00 2º Portería 12:55 5º Porta Principal 12:55 6º Porta | 13:55 3º Portería 14:00 4º Portería 13:55 1º Porta | |



| | | | |
|----------------|---------------------------|---|--|
| | | Principal 13:00 3º Porta Principal 13:00 4º Porta Principal | Principal 14:00 2º Porta Principal |
| | Tarde | | |
| Entrada | 14:45 – 14:55 Portería | 14:55-15:05 1º e 2º Portería 14:55-15:05 3º e 4º Porta Principal 14:50-15:00 5º e 6º Porta Principal | 15:20-15:30 3º e 4º Portería 15:20-15:30 1º e 2º Porta Principal |
| Saída | 16:45 Portería | 16:55 1º Portería 17:00 2º Portería 16:50 5º Porta Principal 16:55 6º Porta Principal 17:00 3º Porta Principal 17:05 4º Porta Principal | 17:05 1º Porta Principal 17:10 2º Porta Principal 17:05 3º Portería 17:10 4º Portería |

3.2.- ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS.

As portas do centro abriranse nas franxas horarias fixadas e permanecerán cerradas o resto da xornada lectiva. A mediodía e pola tarde esperaranse 5 minutos, dende o remate da clase para cerrar as portas exteriores.

O alumnado accederá directamente ás aulas, os mestres/mestras esperarán aos alumnos na porta e no corredor do seu andar. En cada entrada un membro do equipo COVID permanecerá de garda mentres entre o seu nivel para garantir a distancia de seguridade e orientar ao alumnado no percorrido correcto.

O profesorado de garda será o encargado de abrir as aulas a primeira hora da mañá, despois do recreo e a primeira hora da tarde. E axudará aos membros do equipo COVID a garantir os desprazamentos seguros polo centro.



Durante a xornada lectiva o alumnado non poderá abandonar o centro. Só poderá saír acompañado de nai, pai, titor legal ou persoa debidamente autorizada despois de cubrir o Anexo 3.2.1 que está en portería.

Se un alumno ten síntomas compatibles coa COVID seguirase o contemplado no Plan de Continxencia.

O servizo de comedor estará a disposición dos usuarios dende o comezo das clases.

O programa Madrugadores comezará o día 14 de setembro en horario de 7:45 (con ou sen almorzo).

5.- PROFESORADO

5.1.- DEREITOS E DEBERES

PROCEDIMENTO A SEGUIR POLO PROFESORADO

Durante o período de adaptación en 4º de EI e ata o remate do mes de setembro, o profesorado de apoio a EI dedicárase de xeito exclusivo á función de apoio nas aulas de 3 anos.

Este curso 2020/2021 de xeito excepcional todos os cursos de EI e os de 1º e 2º de EP terán un pequeno período de adaptación.

6.- ALUMNADO

6.2.- DEREITOS E DEBERES

6.2.1.- RECREOS

- a) Crearanse as seguintes zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social e os cursos se manteñan como grupos estables:

Educación Infantil: Terraza, patio de infantil e aula de xogos (3º andar).

Educación Primaria: patio cuberto, pista de fútbol e pista de baloncesto.

ESO: patio cubeto, pista de fútbol 1, pista de fútbol 2 e pista de baloncesto.

As zonas serán asignadas de xeito rotatorio aos diferentes niveis educativos.

- b) No recreo de Infantil haberá un profesor/a de garda por cada 25 alumnos/as. No recreo de Primaria haberá un profesor/a por cada 50 alumnos/as, tal como establece a lexislación vixente. As quendas de garda estableceranse na PXA e estarán expostos no taboleiro na sala de profesores.

Excepcionalmente este curso os mestres de EI estarán reforzados por outro mestre para a atención dos aseos.

No caso de EP serán 6 os mestres que se encarguen do coidado dos patios, dous deles terán unha atención especial ós aseos, e outro fará garda na biblioteca.

En ESO serán 5 os profesores que se encarguen da garda do patio. Dous deles con atención preferente ós aseos e outro fará a garda na biblioteca.

- c) Os/as alumnos/as deberán baixar todos ao patio. Cando as condicións meteorolóxicas non o permitan, farán os recreos nas aulas, baixo o coidado dos titores ou mestres que tiveran clase nese grupo, e aumentarase a ventilación, agás os alumnos que ese día lles toque utilizar o patio cuberto que poderán baixar.
- d) O/A profesor/a que estea na clase anterior ao recreo baixará sempre acompañando aos alumnos e vixiará porque se cumpran as medidas de hixiene e distanciamento.
- e) No patio **non estará** permitido xogar con balóns.
- f) Neste tempo utilizaranse os aseos do patio baixo supervisión do profesorado de garda.

6.2.6.- SERVICIOS HIXIÉNICOS

- a) O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.
- b) Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
- c) A limitación do aforo para os baños será do 50%, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.
- d) Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.
- e) As aulas de 3 anos teñen baños propios. O alumnado de 4 e 5 anos teñen aseos compartidos, polo que evitarán que coincidan simultaneamente alumnos de dúas aulas. Despois de cada uso pasarase un pano de papel con limpador para a súa desinfección.
- f) A maiores, realizarase a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.



6.3- CONTROL DE ASISTENCIA

6.3.1.- Xustificación de faltas de asistencia

Existirán dous modelos paralelos para o rexistro de ausencia do alumnado.

Ao rexistro convencional empregado habitualmente (Plataforma e Xade), engadiremos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa COVID-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por COVID-19 quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar e, ao mesmo tempo, permitirá activar as medidas necesarias en caso de confirmación dun caso.

As follas de rexistro de ausencias por sintomatoloxía compatible serán entregadas diariamente na secretaría do centro e cada fin de mes archivaraos á Xefa de Estudos.

(Anexo Modelo de rexistro por sintomatoloxía compatible)

6.5.- NORMAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

6.5.1.-ROUPA:

En educación infantil é obrigatorio o uso do mandilón do colexio, que terá que ter o nome no lado superior esquerdo de cor azul escura sen debuxos nin adhesivos. Dada a situación da COVID o alumnado traerá e levará diariamente o mandilón.

Non se poderán traer xoguetes nin paraugas.

Traerán una mochila de tamaño axeitado para a merenda, botella de auga (preferiblemente reutilizable) e a gorra (de ser precisa).

6.5.2.-CONTROL DE ESFÍNTERES:

Os nenos/as de EI traerán una muda completa co nome posto por si é necesario cambialos.

Se nalgún momento hai que cambiar un neno e non ten muda chamarase á familia para que traia unha ou recolla o neno/a.



6.5.3.- ANIVERSARIOS:

En canto aos aniversarios non se proporcionarán direccións ou teléfonos. Tampouco se repartirán invitacións, agasallos e comida.

6.5.4.-COMUNICACIÓN FAMILIA-TITOR/A:

Os pais e nais poderán dirixirse ao titor/a a través da Plataforma Educativa do Centro: Educamos.

6.5.5.-ALMORZOS:

Os alumnos/as traerán tódolos días o almorzo de media mañá na súa mochila. Dada a situación da COVID todos os días traerán ademais, nesta mochila, unha botella de auga individual, a ser posible reutilizable, marcada co seu nome.

En educación infantil, non poderán traer froitos secos. Deben adaptarse na medida do posible ás recomendacións dos almorzos saudables.

6.5.6.- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Na planificación do período de adaptación teranse en conta os seguintes aspectos:

- a) Colaboración e participación das familias.
- b) Flexibilización do calendario e horario para os alumnos de EI.
- c) Actividades encamiñadas a unha mellor adaptación.
- d) Actividades deseñadas para adaptarnos a COVID-19
- e) Realizarse no mes de setembro e nas datas que marque a Consellería de Educación no Calendario Escolar.
- f) No mes de setembro as familias acudirán a unha reunión onde se lles informará sobre as diferentes normas do colexio, como estará organizado o período de adaptación e a necesidade da colaboración familia-escola.
- g) O tempo de permanencia será aproximado. Queda a criterio do profesor/a, segundo a evolución de cada neno/a na adaptación, o modificar os tempos.
- h) Os nenos/as entrarán ás aulas sen acompañantes e serán recibidos na entrada do Centro polas súas mestras.



6.6 NORMAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA.

6.6.7.- SAÍDAS CULTURAIS:

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas así como a do transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa vila e a súa contorna.

6.6.8.-XOGOS NO PATIO:

O noso patio permite unha dispersión do alumnado e que poidan evitarse aglomeracións. Existen xogos pintados no chan do patio (tres en liña, reloxo...).

Aínda así, propóranse diversos xogos que permitan a diversión sen contacto e con menos nivel de risco, como poden ser os xogos de precisión, os motórico-coordinativos (mariola, xoaniña, goma, comba, as agachadas...) e diferentes xogos que permitan un uso individual do mesmo.

En 1º e 2º EP permítense que traian un pequeno xoguete para o recreo e potenciaranse xogos nos que se poida manter a distancia de seguridade e as medias hixiénicas estipuladas.

Alternativa grupal: xincana de xogos de mesa adaptados (TABÚ, XESTOS, PELÍCULAS, COREOGRAFÍAS, SIMÓN DI...).

6.9 EQUIPO DE PASTORAL

PAUTAS PARA AS CELEBRACIÓNS:

As celebracións levaranse a cabo respectando os grupos estables de convivencia e o aforo da capela.

PAUTAS PARA AS CAMPAÑAS SOLIDARIAS

As campañas realizaranse de acordo coas normas establecidas polas autoridades sanitarias no momento da súa realización.

6.10 EQUIPO DE FESTAS

As celebracións previstas estarán suxeitas á evolución da situación sanitaria e adaptadas á mesma.

- As festas programadas adaptáranse ao protocolo COVID establecido.
- As celebracións non se realizarán coa presenza das familias.
- As celebracións do Samaín, Magosto e Entroido faranse nas clases con actividades axeitadas a estas festas: caracterizacións, manualidades, cancións, xogos...
- Non se celebrará o Nadal no auditorio; buscaranse outras alternativas coma a gravación e montaxe de actuacións por grupos para a posterior difusión na rede.
- A celebración de Fin de Curso irase concretando segundo se vaia acercando a data segundo a situación da pandemia.

7.- FAMILIAS

7.1.- PROCEDEMENTOS A SEGUIR POLOS PAIS/NAIS

As familias e titores/as do alumnado de Educación Infantil e Primaria deberán acompañar ao alumnado ata a entrada correspondente sen acceder ao interior do edificio.

7.2.- ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

As titorías realizaranse preferentemente por vía telemática durante a xornada lectiva do profesorado, e no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da titoría do alumno, os tres primeiros luns de mes e coas seguintes medidas:

- Emprego da máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia de seguridade.
- No caso de precisar a revisión dunha proba escrita, solicitarase previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta dos documentos.

As reunión de principio de curso faranse os días 3 e 4 de setembro por niveis e en espazos onde non se supere o 50% do aforo, e sempre co uso de máscara, hixiene de



mans e distancia de seguridade. Entre unha reunión e outra ventilárase axeitadamente o local. Limitárase a asistencia a unha persoa por familia.

7.3.- REUNIÓN

Para as xuntanzas da ANPA facemos dúas distincións:

Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do centro o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.

Reunións xerais da ANPA: Estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, tería lugar no salón de actos, garantindo a distancia e limitando o aforo.

11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

11.1.- NORMAS XERAIS

As actividades extraescolares están organizadas polo propio centro escolar e son impartidas polo persoal docente polo que se seguirán as mesmas normas que o resto das actividades lectivas.

A oferta das actividades, horarios e aulas incorpórase na PXA do curso 2020/2021.

11.3.- VIAXE DE FIN DE ESTUDOS.

Debido a situación creada pola COVID-19 este curso, a priori, non se contempla a realización de ningunha viaxe de fin de curso.

12.- BIBLIOTECA

12.3.- NORMAS DE USO

A biblioteca emprégase para ler ou facer traballos individuais tanto no recreo da mañá como do mediodía, respectando o 50% do aforo.



O acceso estará supervisado polo profesorado ao seu cargo e con cita previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na biblioteca.

Os postos de lectura estarán sinalizados para manter a distancia de seguridade. Ao rematar, os usuarios da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

Aplicaranse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

12.4.-PRÉSTAMOS

O préstamo de libros realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver aos andeis.

14.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

14.5.-PROTOCOLO DE USO DO COMEDOR

Debido á flexibilización permitida para a Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria na última hora, estableceranse quendas para alumnado desta etapa educativa antes de finalizar a xornada lectiva (12:45) dividindo en dous comedores e colocando tres alumnos/as por mesa, sempre do mesmo grupo estable. Isto supón a redución do aforo dos comedores ao 50%.

Para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria organizarase outra quenda ás 13:20, do mesmo xeito que a primeira quenda.

Os alumnos/as de ESO comerán nunha terceira quenda ás 14:00 horas.

Entre cada quenda realizarase unha limpeza/desinfección das mesas e cadeiras ao mesmo tempo que se ventila o espazo durante un período de 5/10 minutos.

O persoal coidador do comedor será o mesmo en todas as quendas.

Id. Actuacións de prevención, hixiene e protección

Educación Infantil

1. ACTIVIDADES PARA POTENCIAR NORMAS DE HIXIENE: é fundamental inculcar aos máis pequenos uns bos hábitos de hixiene, xa que pola súa corta idade non son conscientes da importancia que ten seguir unha rutina de coidado e hixiene para previr os posibles contaxios de enfermidades.

- Lavar correctamente as mans: cunha canción levaremos a cabo de forma motivadora esta actividade. A canción será: “Lavarse las manos” de Bebé Juan. Lavaremos as mans na entrada á escola, despois de utilizar os servizos hixiénicos, antes e despois de comer e antes de saír da escola.
- Mediante o xogo da identificación de diferentes partes do corpo: nariz, boca, cóbado... iremos traballando o hábito de esbirrar e tusir no cóbado.
- Decorar as aulas e recintos de uso común antes da chegada dos nenos e nenas, pero non totalmente para que eles participen, coas normas de hixiene básicas: imaxes de nenos e nenas lavando as mans, tirar os panos na papeleira correspondente...

2. ACTIVIDADES PARA POTENCIAR NORMAS DE SEGURIDADE: dadas as características evolutivas do alumnado de Educación Infantil non é raro observar como levan diferentes obxectos á boca co fin de descubrir, comprender, coñecer... de aí a importancia de traballar profundamente este aspecto con eles e elas, especialmente, na situación sanitaria que estamos vivindo. Por iso, iniciáremolos no coñecemento de distintas recomendacións e medidas de seguridade para evitar riscos de contaxio.

- Distancia de seguridade: “o avión”. Estiraremos os brazos e xiraremos co obxectivo de separarnos sen tocarnos.
- Visualización dunha curtametraxe acerca da importancia do uso da máscara e de non tocarnos a cara con ningún xoguete nin coas mans.
- Debuxos, murais, pictogramas... de identificación de condutas correctas e incorrectas. Exemplo: lavar as mans (correcto); abrazarnos (incorrecto).

Educación Primaria

1º e 2º de EP

Rutina diaria:

- Canción COVID

- Interiorización das normas COVID (desprazamentos, baño, lavado de mans, distancia, xogos, recreos,...)
- Exposición de carteis informativos para a mellor interiorización das normas.
 - ∞ Con agüita y con jabón se va el coronavirus
 - ∞ Mi perro choco
 - ∞ Canciones infantiles

<https://www.youtube.com/watch?v=yA0SkxNCmUM>

- Ficha: Lavar as mans correctamente (Recortar, secuenciar e ordenar as tarxetas sobre un bo proceso de lavado de mans).
- Canción lavado de mans:
<https://youtu.be/e0pecj7ZCcQ>
- Facer experimentos para ver como o xabón repele os virus.
 - ∞ “Faime desaparecer”
 - ∞ “Maxia con xabón”

3º e 4º EP

- “Na busca do virus”: Trátase de debuxar a silueta da man nun folio e, posteriormente, localizar en que lugares se pode agochar o virus.
- “O xabón contraataca”: Nun prato con auga e ourego/pementa cada alumno poderá experimentar o efecto destrutor do virus.
- “*Cantamos xuntos fronte ao Coronavirus*”: Visionado e interpretación da canción: “*Juntos te pararemos*”.
- “*Tik-Tok anti-coronavirus*”: Baile sobre as rutinas de hixiene e seguridade. Cada alumno/a, desde o seu pupitre, realizará a imitación do baile coas rutinas de lavado de mans, medidas de seguridade...
- “*Enmascarámonos*”: Trátase dunha actividade na que os nenos e nenas aprenderán a manipular correctamente a máscara: colocala, sacala e gardala.
- “*R-R-R*”: Empregar axeitadamente os diferentes contedores que hai nas diferentes dependencias do centro para tratar os residuos: contedor amarelo, azul e verde (este último conterá os desfeitos vencellados á COVID-19: máscaras, panos...así como a fracción resto).

5º E 6º EP

- Traballaran os profesores titores de cada curso a través de charlas, vídeos explicativos, etc... referíndose á lavado de mans, colocación da máscara, utilizacións dos aseos, recreo, entradas e saídas, actividades na aula...

- ∞ Vídeo: “The joy of sacrifice” e “El valor de la responsabilidad”
- ∞ Reflexión sobre os Deberes do neno (Páxina 9 das xornadas de sensibilización).
- ∞ Reflexionar sobre a responsabilidade de cada un na situación de crise sanitaria actual.
- ∞ Entradas e saídas.
- ∞ Hixiene de mans.
- ∞ Uso da máscara.
- ∞ Uso das instalacións comúns: patio, baño, corredores, comedor...
- ∞ Explicar o uso correcto das papeleiras de reciclaxe das aulas.
- ∞ Normas durante o tempo de recreo.

1º E 2º DE ESO

- Explicación das novas normas de hixiene e protección que se van a seguir no centro.(Compendio de normas, plastificadas e colocadas na cortiza).
- Chuva de ideas para que expresen as súas inquietudes, experiencias da pandemia, medidas que levan a cabo para protexerse da COVID e os seus coñecementos sobre a situación actual.
- Proxección dun vídeo acerca da COVID: "NO LO TIRES POR LA BORDA" (nova campaña de Sanidade).
- Proxección do vídeo: "¿CÓMO UTILIZAR UNA MASCARILLA DE FORMA SEGURA?"
- Proxección vídeo: "ERROS MÁIS FRECUENTES NO USO DA MÁSCARA"
- Proxección vídeo: "LAVADO DE MANS EN LSE"
- Actividade para simular o lavado de mans in situ.
- Reflexións sobre os vídeos visualizados.
- Pasapalabra da COVID.
- Presentación da materia creada en Edixgal sobre a COVID. O alumnado terá dispoñible todo o material de traballo de aula para a súa consulta, así como as posibles actualizacións que xurdan segundo a situación sanitaria.

3º E 4º DE ESO

- Entregaráselle un documento a cada alumno e alumna coas normas básicas de hixiene recollidas no “Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-

2021” e realizarase unha lectura común comprensiva que lles axude a familiarizarse coas novas rutinas.

- Realizarase unha explicación detallada por parte das titoras das normas de seguridade e prevención: disposición na aula, uso das aulas específicas, organización dos recreos, desprazamentos polo centro, entradas e saídas e acceso ós baños.

| | |
|------------|---|
| Id. | Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado |
|------------|---|

Educación Infantil

As Tecnoloxías da Información e Comunicación xogaron un papel fundamental na crise sanitaria que nos tocou vivir. Por iso, debemos resaltar que nas nosas mans está promover un uso responsable e saudable delas, coa colaboración das familias. Atopámonos nun bo momento para aproveitar a tecnoloxía como unha vía de aprendizaxe, empregándoa para as seguintes actividades.

- Conversacións de calidade con persoas a distancia: facer videochamadas duns grupo de infantil a outros.
- Aprender a prender e apagar diferentes equipos.
- Levaremos a cabo actividades didácticas, onde lles ensinaremos o manexo do rato. Mediante o ensaio-erro aprenderán o uso das ferramentas do ordenador e da internet.

Educación Primaria

1º e 2º de EP

- Acender e apagar o equipo de xeito correcto.
- Uso do rato e teclado.
- Emprego da Snappet: Uso do teclado táctil (signos de puntuación, poñer o til ao copiar, maiúsculas, números, signos matemáticos,...)

3º e 4º EP

- “Googlando”: Busca en Google dun enderezo dado que conecte con imaxes, contos, cancións, vídeos... relacionadas cos hábitos de hixiene e seguridade fronte á COVID-19
- “Relato a miña historia”: Iniciámonos no uso do Word escribindo unha moi breve historia sobre o tempo de confinamento vivido

5º E 6º EP

Levarano a cabo os profesores de Matemáticas na aula de Informática:

- Edixgal (5º EP): aspectos básicos de funcionamento.
- Elaborar un documento en word: uso de negrita, cursiva, subliñado, distintas fontes, tamaños, revisión ortográfica, cor de fonte, insertar unha imaxe, xustificado...
- Gravar/descargar arquivos: documentos, imaxes...
- Utilizar o correo electrónico para enviar e recibir arquivos.

Secundaria Obrigatoria

1º E 2º DE ESO

Os contidos a traballar para a adquisición da competencia dixital serán os que se enumeran:

- Edixgal.
- Organizar o escritorio por carpetas das distintas materias. Uso de memorias externas con saída USB.
- Elaborar un documento en word e powerpoint.
- Gravar arquivos (formato pdf).
- Utilizar o correo electrónico (sería necesario que fose a través da Plataforma Educamos e vinculado ao correo da familia, dado que son menores de 14 anos).
- Buscar un documento no equipo.
- Recoñecer formatos, capturas de pantalla, descargar imaxes. Cambiar formatos
- Uso da plataforma desde móbilou ordenador.
- Plataforma dixital para videochamadas (Teams?)
- Traballaremos a competencia dixitalao longo do primeiro trimestre, seguindo as necesidades de alumnado e profesorado das distintas materias.

- Todos estes contidos presentaranse nunha materia en Edixgal para que lles quede constancia de todos os tutoriais e poidan consultalos en calquera momento e situación do curso académico.

3º E 4º DE ESO

As actividades irán encamiñadas a que o alumnado se familiarice cos seguintes aspectos:

- Manexar a plataforma Educamos: correos, tarefas, calendario...
- Elaborar un documento en word e powerpoint
- Achegamento a excel: gráfica
- Gravar arquivos
- Utilizar correo electrónico: escribir o corpo dun correo electrónico de maneira formal (identificarse con nome a apelidos), adxuntar arquivos...
- Buscar un documento no equipo
- Recoñecer formatos, cambiar tipo de documento
- Almacenamento na nube
- Buscar imaxes, documentos... con licencia de uso libre
- Sacar fotografías de xeito correcto (luz, nitidez,...) e saber envialas a través doutros dispositivos
- Empregar aplicacións de escáner (por exemplo: CamScanner)
- Empregar WhatsappWeb

Id. Atención aos aspectos emocionais e sociais

Educación Infantil

A intelixencia emocional consiste en dispoñer de habilidades que nos serven tanto para recoñecer as propias emocións como as dos demais e xestionalas de maneira axeitada. Por iso, tendo en conta as características psicolóxicas e evolutivas do noso alumnado levaremos a cabo as seguintes actividades, co fin de ofrecerlles unha información axeitada e adaptada ao seu ritmo madurativo.

- Conto: “Los días en que todo se detuvo”, editorial: Pixelatl.
- Conto: “Coronavirus no es un príncipe (ni una princesa)” de María Coco Hernando.

- Comezaremos cunha asemblea, dividida en pequenos grupos (grupo estable), onde lles preguntaremos que saben, dúbidas, medos... acerca da COVID-19. Nela aclararémolles todas estas dúbidas de maneira sinxela e transmitíndolles calma e seguridade.

Educación Primaria

1º e 2º de EP

- UN CUENTO PARA TI - LOS DÍAS EN QUE TODO SE DETUVO

<https://www.youtube.com/watch?v=BLX5iCk6XoI>

- Traballamos as emocións: Ficha “Como te sintes cando oes falar da COVID?”
- Canción: Perro Chocolor Emociones

<https://www.youtube.com/watch?v=AXcvikbQdYg&list=PLzzeZSSJSe52Uu0A3Ton8D7yP0yNEV7aB&index=2&t=0s>

- Conto: Hasta que podamos abrazarnos

https://www.youtube.com/watch?v=3qw9L_meYtA

- Tarxetas para expresar as súas emocións: Utilizamos un código de cores para identificar as distintas emocións e aprender a exteriorizalas.
- Inventamos distintos saúdos.
- Contos: Así es nuestro corazón, Monstruo de colores, Emocionario, Lagrimas bajo la cama, El bichito insolente,...
- Xornadas de sensibilización.

3º e 4º EP

- “Emocionámonos”: Visionado da película: “Del revés” de Disney Pixar.
- “Ler conta moito”: Lectura de diferentes contos ao longo do curso, sobre as emocións, para coñecer, concienciar e saber xestionar axeitadamente

5º E 6º DE EP

- Traballarase dende todas as áreas, especialmente durante as dúas primeiras semanas de curso. As actividades estarán relacionadas co valor a traballar durante este curso, a RESPONSABILIDADE.
- Tentarase profundar no aspecto emocional do alumnado a través de vídeos, textos, debates... incluídos nos documentos das xornadas de sensibilización. Á hora de levar a cabo estas actividades, teranse en conta as necesidades emocionais do alumnado.



Educación Secundaria Obrigatoria

1º E 2º DE ESO

- Atención aos aspectos emocionais e sociais mediante actividades grupais de acollida e cohesión.
- No caso de 1º da ESO será preciso realizar dinámicas de presentación para o coñecemento do alumnado e da súa situación emocional.
- Seleccionaremos dinámicas de cohesión contempladas na aprendizaxe cooperativa e na proposta, pendente de publicación, por parte da Xunta.
- Curtos para adiviña de emocións: "EMOCIONES EN SITUACIONES". Chuvia de ideas a partir do vídeo. Diferencia entre emoción e sentimento. Emocións positivas e negativas.
- Táboa periódica das emocións.
- Xogo de papirofrefxia para elaborar un comeocos das emocións.
- Sopa de letras das emocións.
- Programaremos distintas sesións de titorías ao longo do curso para seguir afondando na educación emocional.
 - ∞ Dinámica do ovo
 - ∞ Acróstico responsabilidade
 - ∞ Reflexión dinámica do ovo
 - ∞ Actividade ponte no seu lugar
 - ∞ Paseo e xogo relevos con zapatos.
 - ∞ Proxección película "Coach Carter".
 - ∞ Relacionar frases con momentos da película.
 - ∞ Escoller frases sobre a película para comentar e presentar á clase.

3º E 4º DE ESO

Traballarase o aspecto emocional de xeito paralelo ás xornadas de sensibilización por medio de actividades relacionadas co valor da responsabilidade e a COVID 19:

- Dinámicas e debates co alumnado que lles sirvan para expresar os seus sentimentos e sensacións e poñelos en común cos seus compañeiros e compañeiras;
- Lectura e análise de artigos periodísticos;
- Visionado de vídeos e imaxes e posterior análise e debate.
 - ∞ Reflexión sobre a necesidade de vivir con responsabilidade. (Dinámica, traballo grupal)



-
- ∞ Motivar ó alumnado para comprometerse e atreverse a decidir (visionado de película e análise posterior)
 - ∞ Concienciarnos de que somos irmáns, fillos dun mesmo Paie habitantes dunha casa común.
 - ∞ Visionado de vídeos